

Evento on-line

# O apoio ao deseño desde entidades públicas

**Xoves, 23 de setembro de 2021. De 10:30 a 12:10h.**

Este evento on-line, **dirixido a deseñadores/as e empresas**, está orientado á reflexión sobre a mellor orientación das accións destinadas a potenciar o deseño nas pemes tanto mediante accións de apoio financeiro como mediante o emprego de accións de tutoría ou asesoramento en deseño.

A maior efectividade destas accións de apoio ao deseño, require o coñecemento previo das necesidades das pemes en función dos sectores nas que estas se encadran. Neste sentido é preciso contar coa colaboración de entidades e asociacións cuxa proximidade e vinculación coas empresas facilite o diagnóstico máis preciso sobre a mellor metodoloxía para promover o deseño entre as súas empresas asociadas.

Neste evento de difusión presentaranse

conclusións sobre as experiencias de apoio ao deseño, tanto das baseadas no financiamento, como foi o caso da **liña de axudas ao deseño** promovida polo **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)** durante o período **2007-2013**, ata as accións baseadas no asesoramento como é o caso do actual servizo **Re-acciona Innovación**, ou o piloto de Deseño do **proxecto User-Factor (Interreg Atlantic Area)** presentado pola **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** a través do **CIS Tecnoloxía e Deseño**.

A nivel sectorial elixíronse dous sectores: artesanía e madeira, nos que a **Fundación Pública Artesanía de Galicia** e o **Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia**, respectivamente, propoñerán orientacións e reflexións sobre as que encaixar futuras accións de impulso ao deseño nas pemes.

10:30-10:45h	<b>Apertura e presentación dos obxectivos da xornada</b> María José Mariño. Axencia Galega de Innovación (GAIN)
10:45-11:00h	<b>A evolución das axudas de apoio ao deseño. A experiencia do IGAPE no período 2007-2013</b> Norberto Penedo. Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
11:00-11:15h	<b>Propostas de mellora para as consultorías de apoio ao deseño</b> Pablo López. Innovación y Consulting Tecnológico (INCOTEC)
11:15-11:30h	<b>Orientación do deseño cara á artesanía</b> Elena Fabeiro. Fundación Pública Artesanía de Galicia
11:30-11:45h	<b>Itinerario para a edición de produtos e a promoción do deseño en empresas do Clúster da Madeira e o Deseño</b> Ricardo González. Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia (CDM)
11:45-12:00h	<b>Resultados do Piloto de Deseño no Proxecto Interreg Atlantic Area User-Factor</b> Santiago Nieto. CIS Tecnoloxía e Deseño - GAIN
12:00-12:10h	<b>Conclusións e peche da xornada</b>